

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria NÚMERO: 2020/7

DATA: xoves 25 de xuño de 2020

LUGAR: Salón de Plenos – Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 22:28 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA MÓNICA PICHEL GARCIA, que redacta esta acta.

ASISTEN

BNG  
ADELINA CES QUINTÁNS  
TOBIAS BETANZOS REGO  
RAQUEL GARCIA ABUIN  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO  
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA  
PP  
MARIANO MOARES RIAL  
GERMAN ALLUT VIDAL  
ALICIA CAROU ROMERO  
FRANCISCO RUBIO VICENTE  
PSdeG-PSOE  
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ  
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES  
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA  
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES  
Rianxo en Común-SON  
JULIAN BUSTELO ABUIN  
JULIO ALCALDE HERMO  
Ciudadanos  
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ ( INTERVENTORA DO CONCELLO DE RIANXO).

## ORDE DO DÍA

1. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
2. Moción do grupo municipal PP: INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A GARANTIR A AUTONOMÍA QUE A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA E AS LEIS OUTORGAN AS ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DE RECURSOS
3. Moción do grupo municipal PP: APOIO DA COMPETITIVIDADE E FUTURO DOS EMPREGADOS DE ALCOA
4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN RELACIÓN COAS CONCESIÓNS NAS ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE
5. Moción do grupo municipal Rianxo en Común: CREACIÓN DOS BONOS RECUPERACIÓN.
6. Moción do grupo municipal Rianxo en Común: RESIDENCIAS DE MAIORES E MEDIDAS DE PROTECCIÓN ANTE A CRISE DO COVID-19.
7. Moción do grupo municipal Ciudadanos: DEFENSA DO ACCESO Ó RECURSO MEXILLA DO SECTOR MEXILOEIRO
8. Rogos e preguntas

## ACORDOS

## PROPOSTAS ORDINARIAS

## DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2020/G010/000007 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=gJYZCJ4IE5k>

## **1 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO**

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/05/2020 ata o 31/05/2020, que comprenden os números 247/2020 ao 283/2020, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 5 da Sesión extraordinaria do día 14/05/2020

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

## **2 MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL PP: INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A GARANTIR A AUTONOMÍA QUE A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA E AS LEIS OUTORGAN AS ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DE RECURSOS**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A GARANTIR A AUTONOMÍA QUE A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA E AS LEIS OUTORGAN AS ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DE RECURSOS, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

El artículo 137 de la constitución Española señala que "el Estado se organiza territorialmente en municipios, en provincias y en las Comunidades Autónomas que se constituyan. Todas estas entidades gozan de autonomía para la gestión de sus respectivos intereses".

Por otro lado, nuestra Carta Magna en su artículo 142 establece que "las Haciendas locales deberán disponer de los medios suficientes para el desempeño de las funciones que la ley atribuye a las corporaciones respectivas y se nutrirán fundamentalmente de tributos propios y de participación en los del Estado y de las comunidades Autónomas".

Estos principios constitucionales se han desarrollado a través de diversas leyes que garantizan, por un lado, la autonomía local y, por otro, que las entidades locales cuenten con los recursos suficientes para atender las necesidades de sus vecinos.

De esta forma, la Ley Reguladora de las Bases del Régimen Local (LRBRL) establece que "para la efectividad de la autonomía garantizada constitucionalmente a las entidades locales,ta

legislación del Estado (...) deberá asegurar a los Municipios, las provincias y las Islas su derecho a intervenir en cuantos asuntos afecten directamente al círculo de sus intereses" y que "el gobierno y la administración municipal (...) corresponde al ayuntamiento, integrado por el Alcalde y los Concejales" (Art. 2 y 19 de LBRL).

Esta Ley, instrumento fundamental en la definición de las competencias y obligaciones de las entidades locales, señala además que "la cooperación económica, técnica y administrativa entre la Administración local y las Administraciones del Estado y de las comunidades Autónomas, tanto en servicios locales como en asuntos de interés común, se desarrollará con carácter voluntario, bajo las formas y en los términos previstos en las leyes, pudiendo tener lugar, en todo caso, mediante los consorcios o los convenios administrativos que suscriban" (Art. 57.1 LRRL).

Por último cabe señalar, que la LRRL establece en su artículo 105 que "se dotará a las Haciendas locales de recursos suficientes para el cumplimiento de los fines de las entidades locales" y que dichas haciendas locales "se nutren, además de tributos propios y de las participaciones reconocidas en los del Estado y en los de las comunidades Autónomas, de aquellos otros recursos que prevea la Ley".

Se hace necesario recordar todas las leyes que protegen la autonomía, organizativa y de gestión de sus recursos, de las entidades locales, así como las diferentes fuentes de financiación de las mismas, por varios motivos:

1- El Gobierno de España con un absoluto desprecio hacía nuestra constitución y las leyes que regulan la organización, competencias y la Hacienda de las entidades locales ha negado injustificadamente el pago a las EELL del IVA correspondiente al mes de diciembre de 2017.

2- El gobierno de España está estudiando confiscar el superávit generado en 2019 por las EELL (5.000 millones de euros) así como los recursos que las mismas tienen en entidades bancarias (28.000 millones de euros) como consecuencia de haber generado superávit desde el año 2012, según pudimos conocer por una noticia publicada en el "Diario de las Palmas" 28/03/2020.

información que se ve ratificada por las declaraciones realizadas por la Ministra de Hacienda el 30 de abril en el Congreso de los Diputados, en las que hizo alusión a la posibilidad de llegar a un acuerdo con la FEMP para que la utilización del superávit municipal se pueda emplear para "cubrir aquellos que el resto de administraciones no puedan llegar, de manera que entre todos podamos actuar sinérgicamente sobre el ciudadano único o sobre la empresa pública".

Hay que señalar que la generación de dichos superávits no se debe solamente a la aplicación de la ley Orgánica de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera (LOEPSF) puesto que esta ley "vincula a todos los poderes públicos (Administración General del Estado, comunidades Autónomas, corporaciones Locales y seguridad Social)" Art. 1 y 2 de la LOEPSF pero solo las corporaciones locales, gracias a una gestión eficiente y rigurosa de sus recursos, han sido capaces de generar de manera recurrente un Saldo positivo en sus Cuentas públicas al cierre de cada ejercicio presupuestario ayudando a que nuestro país pudiese cumplir con los objetivos de

déficit público establecidos por la Unión Europea.

Estos superávits, tal y como recoge el artículo 32 de la LOEPSF, se han destinado a reducir el nivel de endeudamiento de las entidades locales, a la ejecución de inversiones financieramente sostenibles que revienen en beneficio de los vecinos y, en muchos casos a seguir generando ahorros para poder conjugar la prestación de servicios públicos de calidad a los vecinos con una fiscalidad baja sin hipotecar a las generaciones futuras.

Desde hace varios años, las entidades locales han venido reclamando al gobierno central una mayor flexibilidad para poder aplicar los superávits generados pero siempre respetando la autonomía local consagrada en nuestra carta Magna y en las leyes.

Las entidades locales constituyen la administración más cercana al ciudadano y han mostrado siempre su solidaridad con el resto de las administraciones españolas al asumir competencias impropias sin recibir, en muchos casos, la financiación adecuada de comunidades Autónomas y del Estado para ejercerlas lo que ha provocado que hayan tenido que destinar recursos propios, recursos de todos sus vecinos, a mantener las mismas

Además, en esta crisis sanitaria, social y económica, derivada de la pandemia provocada por el COVID-19 han sido los primeros en implementar medidas para contener la expansión del virus y de apoyo a la población más vulnerable (mayores, enfermos, etc.) por ejemplo, ampliando los servicios de ayuda a domicilio. También han ido por delante en la conversión de muchos servicios públicos de modalidad presencial a telemática para que sus vecinos pudieran seguir disfrutando de espectáculos culturales, cursos de formación, etc'

Pero las entidades locales no pueden ser la tabla de salvación para un gobierno que, desde junio de 2018, ha sido incapaz de aprobar unos Presupuestos Generales del Estado, ha estado más pendiente de la propaganda que de la gestión seria y rigurosa de los recursos de todos los españoles, que ha negado a corporaciones Locales y las comunidades Autónomas los ingresos que le corresponden por ley (IVA de diciembre de 207 impagado) y que ha conseguido el gran 'logro' de incrementar el déficit público español por primera vez desde 2012.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de RIANXO, presenta la siguiente:

### **PROPUESTA DE ACUERDO**

Instar al gobierno de España a:

1 No utilizar los poderes excepcionales que le confiere el estado de alarma, ni otros subterfugios legales, para apropiarse de los ahorros de las EE.LL vulnerando preceptos constitucionales y leyes

en vigor puesto que, como indica el artículo 29 de la Ley del Gobierno, está sujeto a la constitución y al resto del ordenamiento jurídico en toda su actuación.

2 Respetar y garantizar la autonomía que la constitución Española y las leyes otorgan a las entidades locales para la gestión de sus recursos, para la gestión del dinero público que es de todos y cada uno de los españoles no de un gobierno en concreto.

3 Flexibilizar las reglas para que las entidades locales pueda utilizar su superávit para implementar aquellos servicios y medidas que permitan actuar contra la pandemia, siempre en coordinación con las comunidades Autónomas y el Estado.

4 que si se plantea modificar alguna de las leyes que afectan a la autonomía, hacienda o estabilidad financiera de las entidades locales valide dichas modificaciones en el congreso de los Diputados, ante los legítimos representantes de todos los españoles, dado que la declaración del estado de alarma no interrumpe el normal funcionamiento de los poderes del Estado (Art 1.4 de la Ley 4/1981 de 1 de junio, de los estados de alarma excepción y sitio).

5 cumplir lo acordado por la FEMP y el Gobierno de España en la reunión de 20 de abril de 2020 en la que estuvo presente el Presidente del Gobierno y en la que se acordó que no se planteasen cambios en el congreso sin estar previamente consensuados con las EE.LL

Dar traslado de este acuerdo al Presidente del Gobierno, a la Ministra de Hacienda, a la Ministra de Política Territorial y Función Pública, a los portavoces de Grupos políticos del congreso, senado y de las cortes/Parlamento y a la Junta de Gobierno de la FEMP.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo: 7 votos a favor (1 da concelleira do grupo Ciudadanos, 2 dos membros de Rianxo en Común e 4 dos membros do grupo PP) , 10 votos en contra (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE) ) e cero abstención dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **REXEITADA**.

### **3 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP: APOIO DA COMPETITIVIDADE E FUTURO DOS EMPREGADOS DE ALCOA**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a APOIO DA COMPETITIVIDADE E FUTURO DOS EMPREGADOS DE ALCOA, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura a proposta presentada:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desafortunadamente, cumpríronse os peores prognósticos e, neste momento, a factoría de Alcoa en San Cibrao enfróntase á ameaza real de poñer fin á produción de aluminio primario, unha materia básica e esencial para a nosa economía, especialmente para sectores moi importantes como a construción, a automoción ou as TIC, por citar algúns exemplos.

Con todo, a peor das noticias é que esta decisión anunciada pola multinacional pode supoñer a perda de 700 empregos entre directos e indirectos, afectando á todas as familias que viven desta industria, especialmente na Mariña Lucense.

Esta situación prodúcese porque non dispoñemos dun prezo eléctrico competitivo co resto de Estados europeos. o Goberno de España, que ten a competencia sobre a lei do sector eléctrico, leva 19 meses sen atender ao que lle dicimos desde Galicia: aprobación inmediata dun Estatuto para os consumidores electrointensivos que teña en conta as alegacións feitas pola Xunta, en consenso coa industria e cos traballadores afectados unhas alegacións que comparten os Gobernos de Asturias e Cantabria.

Polo tanto, non hai máis tempo que perder e o Goberno central debe asumir como máxima prioridade a aprobación urxente dos mecanismos que permitan contar cun prezo eléctrico competitivo e estable para a factoría de Alcoa San cibrao e o conxunto da industria electrointensiva galega para que poidan operar en igualdade de condicións co resto de Europa.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal popular presenta a seguinte moción para a aprobación polo pleno da Corporación dos seguintes ACORDOS:

- Manifestar o apoio da institución aos traballadores e traballadoras afectados directa e indirectamente polo anuncio de peche da produción de aluminio en Alcoa San Cibrao.
- Solicitar ao Goberno de España que sexa contundente á hora de defender a continuidade da produción de aluminio primario en España e busque unha solución inmediata para que non paren as cubas, así coma para que ningunha persoa traballadora perda o seu emprego, que inclúa as seguintes medidas:
  - Aprobar de maneira inmediata o Estatuto de Consumidores Electrointensivos coas alegacións presentadas ao borrador polos traballadores, os gobernos de Asturias, Cantabria e Galicia e pola propia industria electrointensiva.
  - Convocar urxentemente a poxa de interrompebilidade para o segundo semestre de 2020, polo menos, co mesmo importe que o pasado ano, con bloques de MW para as

empresas hiper-electrointensivas.

- Autorizar o máximo importe permitido pola Unión Europea para compensar os custos indirectos de emisións de CO2.
  - Elaborar un plan específico para este sector co obxectivo de optar aos fondos que ten previsto repartir a UE para impulsar unha recuperación sostible, equitativa, inclusiva e xusta a través dunha resposta eficaz en favor dunha Europa ecolóxica, dixital e resiliente.
- Solicitar da Xunta de Galicia que manteña a súa lealdade institucional e a súa oferta de colaboración co Goberno na posta en marcha destas medidas, como ten feito de maneira permanente desde que saltaron as primeiras alarmas en outubro de 2018

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

Coa conformidade do propoñente da moción durante o debate existe conformidade de todos os membros con dereito a voto para que se engada un punto á citada moción antes de sometela á súa aprobación: “ Solicitar que Galiza teña unha tarefa eléctrica galega e solicitar a nacionalización da pranta de Alcoa”.

Se somete á votación a moción presentada coa inclusión do punto indicado, o Pleno da Corporación, ACORDA por 13 votos a favor (1 da concelleira de Ciudadanos, 2 dos membros do grupo municipal de Rianxo en Común, 4 dos membros do grupo municipal PP e 6 dos membros do grupo municipal BNG) e 4 votos en contra (4 dos membros do grupo municipal de PSOE) e cero abstencións dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción coa inclusión do punto sinalado no debate, resultando APROBADA nos seguintes termos:

- Manifestar o apoio da institución aos traballadores e traballadoras afectados directa e indirectamente polo anuncio de peche da produción de aluminio en Alcoa San Cibrao.
- Solicitar ao Goberno de España que sexa contundente á hora de defender a continuidade da produción de aluminio primario en España e busque unha solución inmediata para que non paren as cubas, así coma para que ningunha persoa traballadora perda o seu emprego, que inclúa as seguintes medidas:
  - Aprobar de maneira inmediata o Estatuto de Consumidores Electointensivos coas alegacións presentadas ao borrador polos traballadores, os gobernos de Asturias, Cantabria e Galicia e pola propia industria electointensiva.
  - Convocar urxentemente a poxa de interrompibilidade para o segundo semestre de 2020, polo menos, co mesmo importe que o pasado ano, con bloques de MW para as



empresas hiper-electrointensivas.

- Autorizar o máximo importe permitido pola Unión Europea para compensar os custos indirectos de emisións de CO2.
  - Elaborar un plan específico para este sector co obxectivo de optar aos fondos que ten previsto repartir a UE para impulsar unha recuperación sostible, equitativa, inclusiva e xusta a través dunha resposta eficaz en favor dunha Europa ecolóxica, dixital e resiliente.
- Solicitar da Xunta de Galicia que manteña a súa lealdade institucional e a súa oferta de colaboración co Goberno na posta en marcha destas medidas, como ten feito de maneira permanente desde que saltaron as primeiras alarmas en outubro de 2018
- Solicitar que Galicia teña unha tarifa eléctrica galega e solicitar a nacionalización da pranta de ALCOA

#### **4 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN RELACIÓN COAS CONCESIÓNS NAS ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a CONCESIÓNS NAS ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura a proposta presentada:

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A modificación do regulamento xeral de Costas iniciada polo goberno socialista de Pedro Sánchez ten xerado dende o seu inicio unha grande inquietude entre as industrias situadas no litoral galego. Esta situación podería ocasionar graves prexuízos a máis dun cento de empresas e outras actividades do complexo mar-industria, así como a milleiros de edificacións galegas asentadas no litoral. De feito, a estrita interpretación da normativa actual xa está a afectar a algunhas empresas que viron como a renovación da prórroga das súas concesións se producía por un tempo inferior a un ano

Esa inquietude foi compartida pola Xunta de Galicia que estivo ao lado dos afectados dende hai máis dun ano reuníndose con eles e con representantes locais e expresando as súas reservas ante o Ministerio de Transición Ecolóxica. O Grupo Parlamentario Popular recolleu tamén esa inqueda social e rexistrou unha proposición non de lei que foi aprobada no Pleno de 29 de

abril de 2019 co seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado o seguinte:

Que se dea traslado á Xunta dun informe exhaustivo sobre todas as concesións que se verían afectadas pola modificación do Regulamento de costas. En concreto, de todas aquelas que xa non poderían ser obxecto de prórroga ningunha.

Que, de tramitarse unha modificación do Regulamento de costas, se adapte á lei que lle serve de cobertura e, polo tanto, que se retire na súa redacción actual por non axustarse á dita normativa.

Que o procedemento de reforma do Regulamento xeral de costas (RD 876/2014, do 10 de outubro) se desenvolva con escrupuloso respecto aos principios de legalidade, de xerarquía normativa consagrado no artigo 9.3 da Constitución española de 1978, e de transparencia na información relativa ao dito procedemento de reforma e coa participación de toda a cidadanía, sectores afectados e institucións, sometendo de novo a consulta pública o borrador de regulamento á vista das alegacións recibidas.»

Sabemos que Galicia solicitou en varias ocasións ao Goberno central que paralizase esta modificación legislativa, ao mesmo tempo que se pediu axuda do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que defendese ao sector neste proceso.

Fontes do PSdG-PSOE afirmaron hai ben poucas semanas, tanto en plenos municipais como a través dos medios de comunicación, que este proceso de reforma e aplicación hiperrestritiva da normativa quedaba sen efecto e que a paralización da modificación era un feito, cuestión nunca comunicada oficialmente e que se baseaba na información que supostamente manexaban estas persoas do nomeado partido.

Recentemente, vimos de coñecer que os temores expresados por Xunta, PP e sector estaban seriamente fundados. Por un lado, hai xa dúas empresas galegas afectadas pola interpretación restritiva da norma, o que podería levar a máis de 250 persoas a perder o seu emprego, alén da economía que estas firmas xeran tanto directa como indirectamente. Pero, a maior abundamento, acabamos de saber que o Goberno central vén de propor a modificación dunha cuestión esencial como é o da duración das concesións no dominio público marítimo-terrestre a través da Lei de Cambio Climático, e todo elo sen xerar diálogo ningún cos afectados.

Ambos feitos confirman que o proceso de reforma da Lei de Costas non estaba paralizado, senón que se está a levar a cabo con escurantismo e sen ningunha vontade de diálogo, a través da imposición, tal e como se alertou no seu momento desde a Xunta e desde o propio sector afectado.

En definitiva, desde este grupo político sempre defendemos unha normativa que teña presente a necesaria viabilidade e sustentabilidade das industrias vencelladas ao mar, xerando nelas a

suficiente seguridade xurídica, cun escenario claro e preciso para que as empresas poidan seguir a desenvolver a súa actividade con normalidade e xerando riqueza nas nosas vilas costeiras.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte MOCIÓN ante o Pleno da Corporación:

O Concello de Rianxo insta ao Goberno de España a:

- 1. Que deixe sen efecto a proposta de modificación dos prazos concesionais en zona de dominio público marítimo-terrestre formulada a través do artigo 18 do proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética.**
- 2. Que desista do seu propósito de tramitar unha modificación das condicións da ocupación de dominio público marítimo-terrestre que interprete e restrinja de forma arbitraria a duración das prórrogas extraordinarias reguladas pola Lei 2/2013 de protección e uso sostible do litoral, tal e como sucedía co proxecto que someteu a consulta pública a comezos de 2019 e co actual integrado no proxecto de Lei do cambio Climático e a Transición Ecolóxica.**
- 3. Que, no caso de manter este propósito de modificación das condicións da ocupación de dominio público marítimo-terrestre, o someta a unha nova consulta pública con prazo suficientemente amplo para permitir e facilitar a remisión de alegacións por parte de administracións e axentes sociais afectados.**
- 4. Que rectifique o cambio interpretativo que está a aplicar na resolución das solicitudes de prórroga de concesións en zona de dominio público marítimo-terrestre, posto que o Consello de Estado corroborou que a lei actual permite as prórrogas de 75 anos**

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 5 votos a favor (1 da concelleira do grupo municipal Ciudadanos e 4 dos membros do grupo municipal PP) 12 votos en contra (2 membros do grupo municipal de Rianxo en común, 4 membros do grupo municipal PSOE, e 6 membros do grupo municipal BNG) cero abstencións dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **REXEITADA**

## **5 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: CREACIÓN DOS BONOS RECUPERACIÓN.**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a CREACIÓN DOS BONOS RECUPERACIÓN., sen ditame

previo da Comisión Informativa.

O alcalde, cede a palabra a secretaria da corporación, que sinala que non se pode emitir un informe no momento e que a petición de acordo que se realiza precisa dun expediente onde se acredite a existencia de crédito, a competencia municipal para executar a citada proposta, etc.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, obtendo 6 votos a favor (2 dos membros do grupo Rianxo en Común, 4 dos membros do grupo PP), 11 votos en contra (dos 6 membros do grupo BNG, 4 dos membros de PSOE e 1 da concelleira de Ciudadanos) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resultando **REXEITADA** a citada inclusión para o seu tratamento e votación.

## **6 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: RESIDENCIAS DE MAIORES E MEDIDAS DE PROTECCIÓN ANTE A CRISE DO COVID-19.**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a RESIDENCIAS DE MAIORES E MEDIDAS DE PROTECCIÓN ANTE A CRISE DO COVID-19., sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A crise do coronavirus está a poñer a proba os modelos de atención dirixidos ás persoas maiores. Este colectivo é un dos máis vulnerables diante desta pandemia, polo que é preciso o máximo esforzo de protección por parte das distintas administracións públicas. Mais resulta evidente que nas medidas desenvolvidas, ou na súa ausencia, algo fallou. A OMS estima que até a metade das persoas finadas polo coronavirus vivían en residencias, un dato que se confirma en Galiza a teor dos datos facilitados polo Segas. O xoves 18 de xuño 274 usuarios e usuarias das residencias da terceira idade de Galiza faleceran por mor da Covid-19, isto é máis 44% dos total de falecementos no país.

Neste senso, cómpre facer balance do modelo de atención ás persoas maiores e da súa xestión. En Galiza, a maioría das prazas residenciais son ofertadas e xestionadas por entidades de carácter privado, unha situación que se veu dando nos sucesivos anos, de tal xeito que mentres se incrementaba a porcentaxe de prazas privadas, reducíase a porcentaxe financiada pola administración autonómica. En definitiva, un servizo esencial que debía ser pública quedou progresivamente nas mans do mercado.

As consecuencias destas decisións políticas nun sector coas ratios completamente disparadas e

no que as traballadoras, con salarios precarios, se ven na obriga de atender a demasiadas persoas, implica unha merma na calidade asistencial. Así o veñen denunciando as propias traballadoras e as familias a través das distintas plataformas creadas para reivindicar un servizo público de calidade, e así foi sinalado tamén polo Consello de Contas nun informe que este organismo lle entregou ao Parlamento de Galicia en xullo de 2018 e no que advertía que a menor ratios de persoal nas residencias de xestión privada podía repercutir na calidade do servizo prestado. Actualmente, e ante o contexto da crise do Covid-19, a situación adquiriu absoluta gravidade ao poñerse en serio risco a vida das persoas. A propia Federación Galega de Usuarios e Residencias (REDE) presentou diversas denuncias ante a Fiscalía coa fin de que se investiguen os casos de negligencia e abandono nos centros de maiores e, en especial, das residencias que pertencen á empresa privada "DomusVi".

E neste punto, non podemos deixar de mostrar o noso malestar e a nosa preocupación polo feito de que o noso municipio aínda non conte a día de hoxe cun centro de atención a persoas maiores dependentes de xestión pública. Rianxo conta cunha poboación de 64 ou máis anos que ascende a 2.855 persoas, o que equivale a unha cuarta parte da poboación do municipio. A pesar deste feito, da histórica demanda deste Concello, e ao feito de que fixemos un importante esforzo recentemente para facilitar a implantación dun Centro de Día en Rianxo, a administración competente segue poñéndose de perfil. Estamos falando dun servizo que nestes momentos é máis necesario se cabe pois é o momento de repensar e fortalecer o modelo de atención ás persoas maiores e de facelo entre todas, e de facelo na dirección apuntada recentemente por Miguel Ángel Vázquez, presidente da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría, apostando por centros de atención pequenos, distribuídos polo territorio, próximos aos servizos públicos e en contacto coa comunidade.

É evidente que neste contexto os coidados adquiren especial valor e as administracións teñen a obriga histórica de estar á altura nun momento extremadamente difícil para moitas persoas. Ten que estar á altura, nomeadamente, a administración competente, mais Concello de Rianxo, como a administración máis próxima á veciñanza do municipio debe ser capaz de responder coas mellores políticas públicas e os mellores servizos públicos para paliar as consecuencias negativas desta pandemia, así como a ausencia de determinados servizos no noso termo municipal. O noso Concello debe encara esta crises en deixar a ninguén atrás, coidando de quen tanto nos coidou.

Polo exposto, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galicia a revisar os concertos establecidos coas residencias privadas e á súa progresiva eliminación en favor de un incremento de prazas públicas e de calidade.
2. Instar á Xunta de Galicia, máis unha vez, a que acometa as accións necesarias para a construción e xestión pública do Centro de Día de Rianxo.
3. Instar ao goberno municipal a promover o acceso das persoas maiores á tecnoloxía facilitando formación, apoio e dispositivos a

quen careza deles para reducir a fenda dixital e favorecer a súa socialización.

4. Instar ao goberno municipal á constitución dunha mesa de traballo institucional co conxunto das forzas políticas con representación na Corporación coa finalidade de avaliar o funcionamento, debilidades e, de ser o caso, reconfiguracións, dos servizos que o Concello lle presta ás persoas maiores ou dependentes do noso municipio.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O alcalde di que votarán a favor sempre que se reconduzca o acordo e se modifiquen os puntos terceiro e cuarto para quedar redactados da seguinte forma:

“ 3. Instar ao goberno municipal a seguir promovendo o acceso das persoas maiores á tecnoloxía facilitando formación, apoio e dispositivos a quen careza deles para reducir a fenda dixital e favorecer a súa socialización.

4. Instar ao goberno municipal á reunión da Comisión de Servizos Sociais coa finalidade de avaliar o funcionamento, debilidades, e de ser o caso, reconfiguración, dos servizos que o Concello lle presta ás persoas maiores ou dependentes do noso municipio.

O alcalde indica que quere que conste que asume o compromiso de convocar nun prazo de 15 días a reunión da comisión indicada.

Acceptada esta modificación polo propoñente da moción, o pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción coa emenda sinalada no debate, resultando **APROBADA** nos seguintes termos:

1. Instar á Xunta de Galicia a revisar os concertos establecidos coas residencias privadas e á súa progresiva eliminación en favor de un incremento de prazas públicas e de calidade.

2. Instar á Xunta de Galicia, máis unha vez, a que acometa as accións necesarias para a adecuación e xestión pública do Centro de Día de Rianxo.

3. Instar ao goberno municipal a seguir promovendo o acceso das persoas maiores á tecnoloxía facilitando formación, apoio e dispositivos a quen careza deles para reducir a fenda dixital e favorecer a súa socialización.

4. Instar ao goberno municipal á reunión da Comisión de Servizos Sociais coa finalidade de avaliar o funcionamento, debilidades e, de ser o caso, reconfiguracións, dos servizos que o Concello lle presta ás persoas maiores ou dependentes do noso municipio.

## **7 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS: DEFENSA DO ACCESO Ó RECURSO MEXILLA DO SECTOR MEXILOEIRO**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á

consideración do Pleno a Moción relativa a DEFENSA DO ACCESO Ó RECURSO MEXILLA DO SECTOR MEXILOEIRO, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura a proposta presentada:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mexilla, ou semente do mexilón é un recurso imprescindible para a produción do recoñecido Mexilón galego. Sen ella sería inviable un negocio que ten 70 anos de historia e que xera uns 20.000 postos de traballo en toda a comunidade galega. No noso municipio, é un sector que ten gran peso na economía do concello tanto directa como indirectamente, cas empresas auxiliares de subministración, asteleiros, conserveiras... Estamos a falar dun sector clave tanto na economía galega como da nosa ría e, por suposto tamén na do noso municipio.

Hai dúas formas de acceder á mexilla: obtela nas rochas da costa ou a través de colectores que son cordas que se colgan das bateas que a captan no propio mar.

Estímase que un 66% das bateas non teñen a capacidade de captación de semente pola súa localización de precisan de acudir ás rochas a recoller a semente, despois de que o desove do mexilón das propias bateas saia das rías e se fixe nelas.

Outro porcentaxe de viveiros captan parte da cría necesaria con colectores tendo que colleitar o resto na costa.

Un porcentaxe máis pequeno é capaz de autoabastecerse tan só cos colectores, sen necesidade de ir ás rochas.

Para facer esta recollida de semente, o sector bateeiro conta cunhas guías emitidas pola consellería en base á orden do 26 de outubro de 2000 que a regula e da dereito a traballar salvo excepcións en toda a costa das provincias de A Coruña e Pontevedra. Na mesma Orde se recolle no artigo 4 que o período de extracción é o comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de abril, e na disposición adicional que "en función das características conxunturais de cada campaña e cando o seguimento e avaliación dos recursos o aconselle", a Delegación Territorial poderá conceder prórrogas nos períodos de extracción.

Nas últimas campañas de recollida da mexilla, vense observando unha diminución preocupante do recurso, algo que xa se constatou con anterioridade en outros países produtores coma Chile. Isto fai que o sector teña que acudir a calquer recuncho autorizado por lei da costa para abastecer ás bateas. Nembargantes, no seu traballo legalmente autorizado veñen sufrindo de violencia contra os seus vehículos, aparellos, e a ser increpados e ameazados polos percebeiros ó longo de toda a costa, impedíndolles traballar ante a pasividade da Consellería do Mar.

As confrarías da costa, nas que se integran as Agrupacións de percebeiros, pretenden explotar en exclusiva un recurso que non ten valor para consumir, como é a mexilla, e o seu único cliente pode ser o sector bateeiro. En marzo de 2019, 1 Pósito da Costa reclamaban a xestión da extracción da mexilla, sendo xa 20 as confrarías que o pedían en agosto dese mesmo ano, algo que serve de preludio perante o que está a acontecer.

Pero o que máis preocupa á sector bateeiro é a aprobación do Decreto IS3/2019 de novembro, por canto expón no seu artigo 13 que se refire ós plans de explotación do percebe, en concreto no seu apartado 2, que di textualmente: los planes de gestión de percebe podrán reservar zonas para la extracción de semilla de mejillón.

Isto reflicte, unha vez máis, a intención de explotar en exclusiva unha especie allea ó propio recurso do percebe, tratándose dunha intromisión no proceso produtivo do sector mexiloeiro coa colaboración da Consellería. É algo que pode alentar prácticas monopolísticas influíndo no prezo e nos períodos óptimos de extracción, facendo ademais inviables a moitas pequenas empresas miticutoras que terían que comprar un recurso ó que puideron acceder sempre dende fai máis de 70 anos.

### **ACORDOS**

Que dende o Concello de Rianxo se inste á Xunta de Galicia a:

- 1.- Investigar as causas da pouca fixación de mexilla que se observa nos últimos anos.
- 2.-Aumentar permanentemente o número de colectores que se poden poñer por batea, pasando de 100 a 150, o que faría que moitos produtores se poidan autoabastecer sen ter que ir ás pedras.
- 3.-Que se respecte a autorización de recolleita de mexilla na costa que figura nas guías de extracción e na normativa, sen excepción.
- 4.-Que se establezan controis para comprobar que os bateeiros non extraen percebe durante a súa actividade, e que destes se encargue persoal alleo ás Confrarías.
- 5.-Que as prórrogas para a extracción de mexilla, tal e como establece a Orde do ano 2000, se deban a factores conxunturais da campaña, cando o seguimento e avaliación dos recursos o aconselle, e NUNCA serva como factor negociador de terceiros.
- 6.-Derrogación inmediata do Decreto 153/2019 do 21 de novembro de Galicia, que abre a posibilidade da xestión en exclusiva por parte das Confrarías do recurso da mexilla, necesario para a produción do mexilón.
- 7.-Prohibir a venda en lonxa de mexilla por parte das Confrarías, xa que se trata dun recurso que ten como únicos destinatarios ós produtores de mexilón, sen valor comercial para o consumidor



Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **8 ROGOS E PREGUNTAS**

### **DELIBERACIÓNS**

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2020/G010/000007 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=gJYZCJ4IE5k>